

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 9 OUTUBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de Outubro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Dona Luísa del Carmen Escudero Centrón e Dona Manuela Iglesias Collarte.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de Outubro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

CEMITERIOS.-

“Visto o escrito de Dona Josefa Salgado Alvarez, veciña desta Vila, con domicilio na Praza García Bonete nº 1, 3º esquerda, no que interesa o cambio de titularidade da sepultura terrena nº 267T do cementerio municipal que ata agora estaba a nome do seu esposo Don José Gómez Gómez, e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data a devandita sepultura xirará a nome de Dona Josefa Salgado Alvarez, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- “ Da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Resolución de data 21 de setembro pasado concedendo subvención para o fomento de actividades do voluntariado por importe de 2.207 euros.”.

- “ Da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, comunicando a incoación de expte. Sancionador núm.. 203/06.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura presentada por F. Tomas y Félix Diez San José C.B. , relativa a instalación dun xerador de calor na Casa de Cultura e outros equipamentos por importe de 15.000,01 euros, os efectos de xustificar a subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Administración pública e Xustiza para Calefacción e equipamentos da Casa de Cultura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as facturas presentada polas seguintes empresas:

-Planitec , relativa a mobiliario para Centros Sociais por importe de 2.400 euros.

-Chacoto S.L., relativa a Adecentamento e Outros dos Centros Sociais, por importe de 5.278 euros.

-José Parada Soto, relativa a Adecentamento e Outros dos Centros Sociais, por importe de 684,40 euros.

A aprobación de ditas facturas realizase os efectos de xustificar a subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Administración pública e Xustiza para Mobiliario e Adecentamento (Pintura e Outros) para as casas do pobo do Concello.

CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RUA BANDA LIRA. CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 3 da obra denominada “Mellora de accesibilidade na rúa Banda Lira. Casco Histórico de Ribadavia”, por un importe total de 7.576,78 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: Feder, 3.765,25 euros; Imsero, 645,47 euros; Fundación Once, 376,53 euros; Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, 2.197,85 euros e Concello, 591,68 euros.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

